



A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, co soporte institucional do Concello de Santiago de Compostela, dende a Concellería de Capital Cultural, e co obxectivo de achegar a nosa agrupación ó campo da dirección musical, e de crear novas oportunidades de contacto e práctica cunha banda profesional, convoca o **IV Concurso de Dirección da BMSC**.

Nesta cuarta edición do concurso o repertorio enfócase á composición contemporánea galega, co obxectivo de divulgar a música sinfónica escrita para banda nos tempos actuais e co mesmo afán de divulgar o noso patrimonio musical e darlle visibilidade; neste sentido a Federación Galega de Bandas de Música Populares toma parte no proxecto, aportando obras derivadas do Concurso Galego de Composición, que serán estreadas polos directores participantes neste concurso.

BASES DO CONCURSO

1. Ter cumpridos os **18 anos** de idade o día de inicio do **IV Concurso de Dirección da BMSC**.
2. Formalizar a **solicitud** dentro do **prazo de inscrición**, adxuntando a documentación requirida.
3. De todas as solicitudes formalizadas en prazo **seleccionaranse a 9 candidatos** para participar no **IV Concurso de Dirección da BMSC**. Esta información comunicárase por correo electrónico a todas as solicitudes recibidas na data de publicación dos candidatos seleccionados.
4. Os **9 candidatos seleccionados** deberán **confirmar** a súa **asistencia** e participación dentro do prazo de confirmación.
5. Realizarase unha listaxe de **candidatos reservas** que poderán ser convocados para participar no concurso en caso de que algún dos candidatos seleccionados renuncie ou cancele a súa concorrencia ó concurso.
6. Todos os **candidatos** que **non** foron **seleccionados** para participar no **IV Concurso de Dirección da BMSC** **terán dereito de acceso a presenciar** todas as fases do concurso como **oíntes** na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

7. **Os candidatos seleccionados que non se presenten** ó concurso despois de ter confirmada a súa concorrencia dentro do prazo de confirmación, serán **penalizados** sen poder presentarse ás seguintes 3 edicións do concurso.

PRAZOS E LUGAR

1. **Prazo de inscrición:** do 2 ó 28 de febreiro de 2026
 2. **Prazo de publicación dos candidatos seleccionados:** 16 de marzo de 2026
 3. **Prazo de confirmación:** do 16 ó 20 de marzo 2026
 4. **Data do concurso:** do 21 ó 26 de abril de 2026
- **Lugar:** Auditorio de Galicia e Teatro Principal (Santiago de Compostela)
 - **Agrupación intérprete:** Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela

INSCRICIÓN

Enviar a solicitude dentro da data de inscrición ó endezo electrónico:

dfiuzas@santiagodecompostela.gal

Débese adxuntar a seguinte documentación obrigatoria:

1. Formulario de inscrición (*ANEXO I*)
2. Fotocopia do DNI ou pasaporte (*formato PDF ou imaxe*)
3. Currículo profesional-académico (*formato PDF*)
4. Vídeo dirixindo de duración 3-5 minutos (*enlace YouTube, WeTransfer, Google Drive, etc.*)
*pode ser calquera tipoloxía de agrupación musical.

REPERTORIO

- Frank Cogollos: ***Galicia, onde o mar comeza*** (*estrea absoluta)
- Fco. José Villaescusa: ***Lucas Augusti*** (*estrea absoluta)
- Juan Núñez Seoane: ***Camiño dos arrieiros*** (*estrea absoluta)
- León Durán: ***Ao xeito de foliada***
- Óscar Musso: ***Sons da terra***
- Alejandro Piñeiro Rodríguez: ***Rafael e Chuna***

PARTITURAS

As **partituras das obras** serán enviadas por correo electrónico en formato PDF unha vez recibida a solicitude de participación no concurso.

XURADO E VOTACIÓN

O xurado estará constituído polos profesores músicos e polo director titular da BMSC.

1. PRESELECCIÓN:

De todas as solicitudes recibidas no correspondente prazo de inscrición, e valorando os currículos e vídeos depositados, dende o Comité de Selección do Concurso, vaise realizar unha selección de **9 candidatos activos** para participar no **IV Concurso de Dirección da BMSC**.

Tamén se vai crear unha listaxe de **candidatos reservas**, que poderán ser convocados como candidatos para participar no concurso en caso de haber algunha baixa ou renuncia entre os primeiros 9 candidatos seleccionados.

2. FASE I:

- Profesores músicos da BMSC:
 - Os 3 candidatos mais votados por maioría serán elixidos para pasar á seguinte fase.
- Director titular da BMSC:
 - Elixirá 3 candidatos a maiores para pasar á seguinte fase.
- ✓ **Resultado final:**
 - Pasan á seguinte fase **6 candidatos**: 3 elixidos polos músicos da BMSC e 3 elixidos polo director titular da BMSC.

3. FASE II (Semifinal):

- Profesores músicos da BMSC:
 - Os 2 candidatos mais votados por maioría serán elixidos para pasar á seguinte fase.
- Director titular da BMSC:
 - Elixirá 1 candidato a maiores para pasar á seguinte fase.
- ✓ **Resultado final:**
 - Pasan á seguinte fase **3 candidatos**: 2 elixidos polos músicos da BMSC e 1 elixido polo director titular da BMSC.

4. *FASE III (Final):*

- Profesores músicos da BMSC:
 - O candidato mais votado pola maioría será elixido como o gañador do concurso.
- Director titular da BMSC:
 - únicamente no caso de empate, o director titular da BMSC participará na votación para resolver o desempate.
- ✓ **Resultado final:**
 - Un único gañador elixido por maioría.

PREMIOS

Nesta IV edición do Concurso de Dirección da BMSC establécese un único premio

- ***PREMIO IV CONCURSO DE DIRECCIÓN DA BMSC***
 - Diploma certificado de recoñecemento.
 - 1.500€ brutos.
 - Participación como director convidado nun programa coa BMSC.
 - *Data:* a determinar coa Dirección Artística da BMSC, dentro da temporada 2026/27.
 - *Repertorio:* programa de libre elección, tendo en consideración o cadro organolóxico do que dispón a BMSC. O programa proposto deberá tamén ter a aprobación da Dirección Artística da BMSC.
 - Os honorarios correspondentes ós ensaios e ó concerto xa están incluídos no premio económico.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

1. PRESELECCIÓN

Publicarásese o día 16 de marzo de 2026 a listaxe dos 9 candidatos seleccionados (correo electrónico).

IV CONCURSO DE DIRECCIÓN DA BMSC

2. FASE I

Os 9 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Circular do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día martes 21 de abril de 2026 ás 9:30h, para a presentación do concurso e para o sorteo da orde de participación na Fase I.

Cada candidato dispoñerá de 15 minutos para ensaiar a obra que lle foi asignada por sorteo

Hora	Repertorio	Candidato
9:30h	Sorteo das obras e da orde dos candidatos	
10:00h	• Frank Cogollos: <i>GALICIA, ONDE O MAR COMEZA</i>	1
10:15h	• Frank Cogollos: <i>GALICIA, ONDE O MAR COMEZA</i>	2
10:30h	• Frank Cogollos: <i>GALICIA, ONDE O MAR COMEZA</i>	3
10:45h	• Fco. José Villaescusa: <i>LUCUS AUGUSTI</i>	4
11:00h	• Fco. José Villaescusa: <i>LUCUS AUGUSTI</i>	5
11:15h	• Fco. José Villaescusa: <i>LUCUS AUGUSTI</i>	6
11:30h	Descanso	
12:00h	• Juan Núñez Seoane: <i>CAMIÑO DOS ARRIEIROS</i>	7
12:15h	• Juan Núñez Seoane: <i>CAMIÑO DOS ARRIEIROS</i>	8
12:30h	• Juan Núñez Seoane: <i>CAMIÑO DOS ARRIEIROS</i>	9
12:45h	Votación	
13:30h	Publicación dos 6 candidatos semifinalistas Sorteo das obras e da orde de participación na Fase II (semifinal)	

IV CONCURSO DE DIRECCIÓN DA BMSC

3. FASE II (Semifinal)

Os 6 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día mércores 22 de abril de 2026 ás 10:00h.

Cada candidato dispón de 25 minutos para ensaiar a obra que lle foi asignada por sorteo:

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	• Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA	1
10:25h	• Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA	2
10:50h	• Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI	3
11:15h	Descanso	
11:45h	• Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI	4
12:10h	• Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIROS	5
12:35h	• Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIROS	6
13:00h	Votación	
13:30h	Publicación dos 3 candidatos finalistas Sorteo das obras e da orde de participación na Fase III (final)	

4. FASE IIIa (Final)

Os 3 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día xoves 23 de abril de 2026 ás 10:00h.

Cada candidato dispón de 45 minutos de ensaio para as obras asignadas por sorteo:

O repertorio asignado no correspondente sorteo, será o que interpretará cada director no concerto final do concurso, o domingo 26 de abril ás 12:00h no Teatro Principal:

IV CONCURSO DE DIRECCIÓN DA BMSC

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	- Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA - León Durán: AO XEITO DE FOLIADA	1
10:45h	- Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI - Óscar Musso: SONS DA TERRA	2
11:30h	Descanso	
12:00h	- Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIRO - Alejandro Piñeiro Rodríguez: RAFAEL E CHUNA	3

5. FASE IIIb (Final)

Os 3 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día venres 24 de abril de 2026 ás 10:00h.

Cada candidato terá que interpretar dirixindo ininterrompidamente (formato de ensaio xeral/concerto), con unha marxe de 15 minutos adicionais (en total para as 2 obras) se fose necesario ensaiar algunha pasaxe:

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA	1
	Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI	2
	Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIRO	3
	León Durán: AO XEITO DE FOLIADA	1
	Óscar Musso: SONS DA TERRA	2
	Alejandro Piñeiro: RAFAEL E CHUNA	3

6. FASE IIIc (CONCERTO)

Os 3 candidatos seleccionados deberán de presentarse no Teatro Principal (Santiago de Compostela) o día domingo 26 de abril de 2026 ás 10:45h.

PROBA ACÚSTICA: cada candidato dispoñerá de 10 minutos de ensaio-proba acústica:

Hora	Repertorio	Candidato
11:00h	- Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA - León Durán: AO XEITO DE FOLIADA	1
11:10h	- Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI - Óscar Musso: SONS DA TERRA	2
11:20h	- Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIRO - Alejandro Piñeiro: RAFAEL E CHUNA	3
11:30h	Descanso	

IV CONCURSO DE DIRECCIÓN DA BMSC

CONCERTO: cada candidato dirixirá no concerto a primeira obra do repertorio contemporáneo galego asignada; posteriormente os profesores músicos da banda realizarán a súa votación; finalmente, durante o reconto das votacións, os candidatos finalistas dirixirán cadansúa obra breve (xa fóra de concurso):

Hora	Repertorio	Candidato
12:00h	• Frank Cogollos: GALICIA, ONDE O MAR COMEZA	1
	• Fco. José Villaescusa: LUCUS AUGUSTI	2
	• Juan Núñez Seoane: CAMIÑO DOS ARRIEIRO	3
	Votación	
	• León Durán: AO XEITO DE FOLIADA	1
	• Óscar Musso: SONS DA TERRA	2
	• Alejandro Piñeiro: RAFAEL E CHUNA	3
	Publicación do premio e clausura do concurso	

ANEXO I:

Formulario de inscrición no IV Concurso de Dirección da BMSC

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Enderezo postal de residencia	
Enderezo electrónico	
Contacto telefónico	
Documentos adxuntos (sinalar cales envía)	DNI
	Currículo académico/formativo
	Currículo profesional/laboral
	Vídeo dirixindo
	Cartas de recomendación

Declaración de conformidade:

Lidas as bases, acepto todos os requirimentos e procedementos anteriormente descritos nas bases para o desenvolvemento do IV Concurso de Dirección da BMSC, asinando este formulario de inscrición:

Sinatura e data:

ANEXO II:

Cadro organolóxico da BMSC

A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela está configurada cun cadro de 37 profesores músicos organizados da seguinte maneira:

- 1 Frauta
- 1 Frauta/Frautín
- 1 Óboe/Corno Inglés
- 1 Fagot
- 1 Requinto
- 9 Clarinetes
- 1 Clarinete Baixo
- 1 Saxo Alto/Soprano
- 1 Saxo Alto
- 1 Saxo Tenor
- 1 Saxo Barítono
- 3 Trompas
- 3 Trompetas/Cornetas/Fliscornos
- 2 Trombóns
- 1 Trombón Baixo
- 2 Bombardinos
- 2 Tubas
- 5 Percusión